



FACULTADE DE PSICOLOXÍA

POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE

Código: F01-PE-01

PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE

Fecha: 06/07/2011

**PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
2011-2020**

PLAN ESTRATÉGICO DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Segundo Proceso Psic-PE-01 do SGIC da Facultade de Psicoloxía

MISIÓN

A Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela ten como misión contribuír á formación integral de profesionais comprometidos coa saúde, o benestar e desenvolvemento psicolóxico e psicosocial das persoas e a comunidade, nun entorno académico que promova a xeración e aplicación dos coñecementos da disciplina.

VISIÓN

Esta Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garanten a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás necesidades da sociedade e ás demandas da sociedade nos ámbitos laboral, tecnolóxico e investigador, que garanten as condicións de desenvolvemento profesional adecuadas ó seu persoal docente, investigador e de servizos e rinda contas da inversión e optimización de recursos.

VALORES

Éticos

- Respecto aos dereitos e dignidade das persoas
- Responsabilidade
- Honestidade e sinceridade

Profesionais

- Competencia
- Prudencia
- Solidez da fundamentación obxectiva e científica das súas intervencións

IDENTIFICACIÓN DAS LÍÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA 1. PLANIFICACIÓN DA ENSINANZA E ORIENTACIÓN DA ENSINANZA Ó APRENDIZAXE

Procesos do SGIC relacionados:

Psic-PC-03: PLANIFICACIÓN ACADÉMICA ANUAL (PAA)

Psic-S01-PC-03: ELABORACIÓN DO PLAN DOCENTE ANUAL (PDA) DO CENTRO

Psic-S02-PC-03: ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN DE ORGANIZACIÓN DOCENTE (POD) DOS DEPARTAMENTOS

Psic-S03-PC-03: PROGRAMACIÓN DAS ASIGNATURAS

Psic-S04-PC-03: ELABORACIÓN DE HORARIOS E CALENDARIOS DE EXAMES

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1.1. Cumprimento do calendario da PAA
- 1.2. Adecuación da capacidade docente das áreas ó encargo docente.
- 1.3. Axuste da PAA do centro ás Memorias de Verificación dos títulos impartidos.
- 1.4. Procura da conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.
- 1.5. Traballo coordinado das competencias establecidas nas Memorias de Verificación dos títulos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Planificar con antelación as distintas fases
- B. Manter un contacto fluído co SXOPRA

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades docentes
- B. Solicitar recursos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar desaxustes
- B. Promover accións correctoras

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Propoñer calendarios e horarios que favorezan a conciliación

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

**A. Identificar as competencias establecidas aos módulos do planos de estudo
B. Distribuír as competencias entre as materias pertencentes a cada módulo**

IDENTIFICACIÓN DAS LÍÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA 2. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA E OUTRAS ACTUACIÓNS ORIENTADAS AOS ESTUDANTES

Procesos do SGIC relacionados:

Psic-PC-04: CAPTACIÓN DE ESTUDANTES

Psic-PC-06: TUTORÍA E ORIENTACIÓN Ó ESTUDANTE

Psic-PC-07: PROGRAMAS DE MOVILIDADE DE ESTUDANTES

Psic-PC-08: XESTIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Psic-PC-09: COORDINACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

Psic-PC-10: AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 2.1. Orientación ós alumnos antes, ó inicio, durante e ó final do/s título/s
- 2.2. Acceso dos estudantes a programas de titorías específicas axustadas ás demandas
- 2.3. Medidas de atención á diversidade e necesidades especiais
- 2.4. Oferta de actividades para consecución de competencias transversais
- 2.5. Mantemento e mellora da calidade da oferta de programas de mobilidade
- 2.6. Supervisión das prácticas externas
- 2.7. Mellora da coordinación vertical e horizontal entre materias
- 2.8. Axuste á normativa vixente sobre avaliación do rendemento académico
- 2.9. Incorporación das TIC á docencia

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Colaborar co programa *A Ponte* e demais medidas de captación desenvolvidas pola USC
- B. Organizar o acto de recepción dos estudantes de 1º curso
- C. Celebrar charlas de orientación: itinerarios curriculares e optatividade
- D. Celebrar charlas de orientación: prácticum e mobilidade
- E. Celebrar charlas de orientación: saídas profesionais, recursos e vías de inicio de carreira

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Detectar grupos de alumnos que poidan precisar da axuda dun programa de titorías específicas (con especial atención ós de novo ingreso)
- B. Diseñar programas de titorías específicos para cada un dos grupos detectados

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Detectar as deficiencias existentes para accesibilidade das persoas con necesidades especiais a todos os recursos e servizos do centro
- B. Desenvolver as axudas técnicas precisas para a eliminación das barreiras de accesibilidade detectadas

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Concertar cursos e talleres relacionados con competencias transversais

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar a información que se ofrece sobre os programas de intercambio na páxina web da facultade
- B. Favorecer o incremento do número de alumnos visitantes nos programas de intercambio
- C. Axilizar o proceso de validación e recoñecemento dos estudos realizados noutros centros durante unha estancia de intercambio
- D. Orientación/titoría dos alumnos enviados e recibidos para intercambio antes, durante e ó finalizar a estancia

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.6

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar al menos tres reunións anuais de coordinación de titores académicos do Prácticum
- B. Realizar al menos unha reunión anual con coordinadores de titores externos do Prácticum
- C. Seguimento das prácticas externas realizadas polos alumnos ao marxe do Prácticum

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.7

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar reunións periódicas de coordinación entre os alumnos e o coordinador de cada un dos cursos do Grao
- B. Realizar reunións periódicas de coordinación dos profesores que imparten docencia en cada un dos cursos do Grao (coordinación horizontal)
- C. Realizar reunións periódicas dos coordinadores de cursos e o coordinador da titulación (coordinación vertical)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.8

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Difusión da normativa a través das reunións das comisións académicas e de coordinación
- B. Supervisión dos programas/guías das materias
- C. Homoxeneizar o sistema de avaliación entre grupos dunha mesma materia
- D. Mellorar o nivel de especificación dos criterios e maila ponderación dos diferentes elementos de avaliación do programa/guía docente
- E. Avaliar a satisfacción dos estudantes co proceso de avaliación

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.9

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Promover o uso das ferramentas do Campus Virtual
- B. Favorecer a participación do profesorado en actividades formativas relacionadas co uso das TIC

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA 3. PERSOAL ACADÉMICO E DE APOIO Á DOCENCIA

Procesos do SGIC relacionados:

Psic-PS-01 XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Psic-P01-PS-01: AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 3.1. Dotación dun cadro de PDI equilibrado, suficiente e adecuado para a Facultade
- 3.2. Recoñecemento adecuado da actividade docente do profesorado
- 3.3. Dotación dunha auténtica Unidade de Xestión do Centro e dos Departamentos (UXCDD) para a Facultade
- 3.4. Dotación dunha Unidade de Conserxería propia para o Centro
- 3.5. Traballo coordinado e cohesionado das persoas que desenvolven a súa actividade profesional na Facultade
- 3.6. Formación continuada do persoal da Facultade
- 3.7. Fomento da innovación docente
- 3.8. Mantemento do Plan de Autoprotección

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Demandar a definición das necesidades estruturais de PDI para unha atención adecuada das actividades docentes e investigadoras, tendo como referencia a Memoria de Verificación dos Títulos adscritos ao Centro e a produción investigadora promedio do ámbito de coñecemento nas universidades españolas
- B. Contribuír, en coordinación cos Departamentos, á definición do dito cadro de necesidades estruturais e á programación das accións para a súa dotación e estabilización, priorizando os ámbitos con maior desaxuste entre o cadro inicial e o de referencia

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Demandar aos órganos de goberno centrais da Universidade o recoñecemento no POD da totalidade das actividades docentes presenciais do profesorado (clases, titorías, avaliación, dirección de TFG e TFM, titorización de Prácticum...)
- B. Promover e demandar o adecuado recoñecemento da dedicación do profesorado a actividades de coordinación, avaliación e mellora da docencia

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Demandar da Xerencia a efectiva implementación dunha UXCDD, tendo como referencia as necesidades detectadas neste sentido nas análises de postos realizadas e na propia Facultade

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Demandar da Xerencia a modificación da RPT para a creación dunha área de Conserxería específica de Psicoloxía

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Facilitar, de acordo cos Departamentos, a coordinación entre o persoal das diferentes subunidades e coa Responsable da UXCDD para que poidan organizar conxuntamente o seu traballo e cooperar no seu desenvolvemento

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.6

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Promover, en coordinación co Programa de Formación e Innovación Docente da Universidade, a organización de actividades de formación do profesorado que atendan ás demandas e necesidades do PDI do Centro
- B. Fomentar a asistencia do PAS do Centro ás actividades e cursos do Plan de Formación de PAS da Universidade, especialmente aqueles relacionados coas novas ferramentas de administración electrónica

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.7

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Promover, en coordinación co Programa de Formación e Innovación Docente da Universidade, a organización de actividades de formación do profesorado que atendan ás demandas e necesidades do PDI do Centro (coincidente con 3.5.A)
- B. Facilitar o intercambio de experiencias de innovación docente do profesorado do Centro mediante a organización de reunións e seminarios

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 3.8

ACCIÓNSTRATÉGICAS

- A. Concertar cursos de formación sobre actuación en situación de emerxencia e primeiros auxilios**
- B. Actualizar os equipos de emerxencia**
- C. Realizar anualmente o simulacro de emerxencia**

IDENTIFICACIÓN DAS LÍÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA 4. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Procesos do SGIC relacionados:

Psic-PS-02 XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS

Psic-PS-03 XESTIÓN DOS SERVIZOS

Psic-PS-04 CONTROL DE DOCUMENTOS E DOS REXISTROS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 4.1. Mantemento e reparación de instalacións e mobiliario
- 4.2. Adaptación de espazos docentes e de traballo aos requisitos do EEES
- 4.3. Dotación e mantemento de equipamento e materiais docentes
- 4.4. Dotación e mantemento de equipos de aulas informáticas
- 4.5. Mantemento da Avaliación de Riscos
- 4.6. Supervisión da satisfacción dos usuarios respecto dos servizos prestados no centro
- 4.7. Elaboración e mantemento do rexistro de documentos do SGIC

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades
- B. Realizar previsións presupostarias e solicitar subvención

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades
- B. Realizar previsións presupostarias e solicitar subvención

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades
- B. Realizar previsións presupostarias e solicitar subvención

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades**
- B. Realizar previsións presupostarias e solicitar subvención**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Solicitar periodicamente a avaliación ó Servizo da Prevención de Riscos**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.6

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Elaborar cuestionario de avaliación**
- B. Aplicar as enquisas**
- C. Detectar debilidades e fortalezas**

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.7

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Reunir documentos de evidencias e indicadores dos procesos do SGIC**
- B. Elaborar un listado dos documentos, organizado por procesos**
- C. Proponer novas evidencias e indicadores**

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA 5 . RESULTADOS DA FORMACIÓN

Procesos do SGIC relacionados:

Psic-PE-01: PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DO CENTRO

Psic-PE-02: POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO

Psic-PM-01: MEDICIÓN, ANÁLISIS E MELLORA

Psic-PM-02: REVISIÓN DA EFICACIA E MELLORA DO TÍTULO

Psic-PM-03: MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE

Psic-P01-PM-03: MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS ESTUDANTES COA DOCENCIA

Psic-PM-04: XESTIÓN DAS INCIDENCIAS (SQR)

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 5.1. Desenvolvemento dos planos de estudo impartidos no Centro conforme ás respectivas Memorias de Verificación
- 5.2. Actualización dos programas formativos para atender as necesidades e expectativas dos grupos de interese
- 5.3. Información sobre a actividade docente do profesorado
- 5.4. Sistematización do rexistro e xestión de suxestións, queixas e reclamacións
- 5.5. Acreditación dos títulos impartidos no Centro

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Secuenciar e programar a recollida de datos relativos ós indicadores mínimos e os demais indicadores do SGIC
- B. Propor accións de mellora e a súa incorporación á Planificación Plurianual
- C. Analizar o funcionamento global do Centro e do SGIC
- D. Elaborar a Memoria de Calidade do Centro

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Revisar periodicamente os resultados académicos das materias do Grao e os másteres para detectar posibles desviacións
- B. Revisar periodicamente os datos de inserción laboral de egresados do Grao e os másteres
- C. Planificar e realizar actividades de avaliación da satisfacción dos distintos grupos de interese

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.3.

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Colaborar cos servizos centrais da Universidade na aplicación dos instrumentos de avaliación da actividade docente do profesorado
- B. Analizar os resultados dos instrumentos de avaliación nos órganos competentes
- C. Difundir, a través da web da Facultade, os resultados das avaliacións da actividade docente (nos termos en que sexa permitido pola normativa vixente)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Recoller suxestión a través dunha caixa de correos (virtual e/ou física)
- B. Diseñar un formulario de notificación de incidencias e queixas
- C. Manter un rexistro de suxestións, queixas e reclamacións

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Cumprimentar en tempo e forma dos procedementos de Seguimento e Mellora dos Títulos
- B. Colaborar coa Comisión de expertos encargada da avaliación externa dos títulos

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

LIÑA ESTRATÉXICA 6. INFORMACIÓN PÚBLICA

Procesos do SGIC relacionados:

Psic-PC-11: INFORMACIÓN PÚBLICA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 6.1. Mantemento do acceso público á información relevante dos títulos impartidos no centro
- 6.2. Mantemento da guía da Facultade

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Elaborar unha relación de coleccións de datos sobre os títulos impartidos no centro.
- B. Recompilar os datos
- C. Determinar a vía de difusión dos datos
- D. Poñer os datos a disposición dos grupos de interese
- E. Actualizar anualmente os datos.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Revisar periodicamente os contidos da guía da facultade
- B. Facilitar o acceso á guía a través da páxina web da facultade
- C. Traducir a guía ó castelán e ó inglés



CARLOS PÍO DEL ORO SÁEZ, SECRETARIO DA COMISION DE CALIDADE E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión de Calidade e Planificación da USC, na súa sesión do día 6 de xullo de dous mil once, acordou informar favorablemente o Plan Estratéxico da Facultade de Psicoloxía.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a dez de outubro de dous mil once, con visto e praxe da vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade.



Benita Silva Hermo
Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade

A handwritten signature in blue ink, which appears to be 'Carlos Pío del Oro Sáez', located to the right of the signature of Benita Silva Hermo.